

## Arrancado do chan

**Suso de Toro**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

TORO, SUSO DE (2011 [1997]). “Arrancado do chan”. *Luzes de Galiza*: 28, 3.  
Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/567>>.


#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

TORO, SUSO DE (1997). “Arrancado do chan”. *Luzes de Galiza*: 28, 3.

\* Edición dispoñíbel desde o 4 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

# Arrancado do chan

SUSO DE TORO



Xurxo S. Lobato

Chove uns poucos días despois da súa morte para que eu comprenda de vez e escriba isto. Para que eu comprenda que ese chover maino, poalla, é así para que vexa que é así, implacábel. Para que entenda que está a chover nas beirarúas e nos automóviles que pasan máis que máis que nada chove en silencio nos toxos, nas castiñeiras e nas xestas e penedos e na montaña do Incio. Chove a destempo de xeito tan omnipotente e tez libre porque quere selar a morte do poeta, faino así o de chover porque pode e quere e para dicir: o poeta é meu, por iso volve a min, ao mundo.

Os poetas son príncipes coa inocencia toda do mundo e por iso teñen esa claridade e por iso pasan pola vida nosa con incomodidade tropezando nela, mancando e mancándose, mais sen maldade, ese sinal do humano. O poeta é o artista que cando naceu xa foi arrancado do chan por primeira vez como Elías e volto a pousar aquí e por iso, porque sabe que a súa patria é aquí mais tampouco, coñece e acepta o mundo sen dó. O poeta é o artista reconciliado coa vida.

O poeta agarda sempre volver ser arrancado do chan e por iso saúda con entregada inocencia a mazá envenenada que lle é ofrecida como a Branca de Neve. Tómaa e mórdea con fatal inocencia. O poeta torpe e inxel está sempre na súa casoupa no bosque a agardar por alguén que lle veña pola porta ofrecerlle a mazá ou poción, preciso cálice amargo para rematar esa paixón. Non, non pidas que o aparte de diante túa, halo beber enteiro, ata as feces, e só has recobrar na morte o sorriso inocente do que xa padeceu.

Sacrificamos e damos á terra ao príncipe para aceptar o mundo e para que siga a vida vezosa e perigosa. Non aturaríamos moito tempo a pureza entre nós sen ser ofensiva para a nosa humanidade, ofrezámola en sacrificio. Cando a luz da tarde dá na cara do poeta que sostén o cálice que fermoso aparece. Nese momento todos quixeramos ser poetas, mais temos medo de selo pois temos medo do seu destino. Tampouco estamos destinados a ser arrancados do chan, como Elías, como Lois Pereiro.